



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE OUTUBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/605/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder licenza para construción de Cenro Nacional de referencia de formación en materia de rehabilitación en Ponte Pedriña de Arriba.

LIC/1081/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO.- Conceder licenza para reforma de instalación de ascensor na rúa de San Pedro de Mezonzo, 38.

LIC/1086/2013.- JOSE OTERO CASTRO.- Conceder licenza para substitución de cuberta no lugar de Lobra, 4.

PRÓRROGAS

LIC/1186/2013.- ESTANISLAO GARCÍA LADO.- Conceder a prórroga solicitada.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/567/2013.- ROO MONTAJES ELECTRICOS SL.....LIC/1288/2012
15.000 €

LIC/1074/2013.- MALGA, SL.....LIC/544/2009 DENEGACIÓN

4 a 38.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios.

39.- Solicitud dunha subvención ao Ministerio de Sanidade para programas de prevención das drogodependencias con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación da lei 17/2003 de 29 de maio.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Servizos Sociais solicitar ao Ministerio de Sanidade unha subvención con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico de drogas e outros delitos relacionados. O proxecto para o que se solicita é para o Programa de prevención de drogodependencias VERSION 2.0 que ten un custe de 183.669,10 €, que deberá desenvolverse nos exercicios 2013/2014. O Concello deberá aportar o 30% do custo deste programa, 55.100,37 €.

40.- Solicitud de desconsignación en concepto de indemnización pola expropiación efectuada polo concello sobre a parcela 15 do SUNP-12. Lamas de Abade.

A XGL aprobou a desconsignación en concepto de indemnización pola expropiación que efectuou o Concello de Santiago sobre a parcela 15 do SUNP-12, Lamas de Abade. Aprobouse isto unha vez que os interesados presentaron a documentación na que se detalla o reparto das cantidades dos afectados polo que xa no hai impedimento para a súa devolución.

41.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á encomenda de xestión á Empresa de Transformación Agraria SA (TRAGSA) para realización dun proxecto de mellora de vial na parroquia de Forte-Frades.

A proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento sostible a XGL aprobou a encomenda de xestión en favor da empresa TRAGSA para a realización dun proxecto de mellora de vial na parroquia de Forte-Frades e a de execución deste proxecto unha vez aprobado pola XGL, nos termos recollidos no convenio asinado polo Concello de Santiago e TRAGSA.

42.- Dar conta do aboamento do primeiro prazo da subvención concedida para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012.

Deuse conta á XGL do pago do primeiro prazo da subvención concedida para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012 e que ascende a un importe de 70.000 €.

43.- Dar conta do cambio de denominación social dunha empresa.

A empresa Grupo Tompla Sobre Express, que é a empresa que subministra material de oficina consumible ao Concello, pasa a denominarse agora Tompla Sobre Express.

URXENCIAS

- 1.- Dáse conta dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar para realizar os obradoiros de emprego Santiago Impulsa 2 por importe de 213.202 euros.
- 2.- Prorrógase o convenio de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar para compartir sistemas de información.
- 3.- Apróbase o proxecto de estabilización na rúa Betanzos por importe de 54.571 euros.
- 4.- apróbase o convenio entre o Concello e a Fundación Secretariado Xitano por importe de 20.000 euros.
- 5.- Apróbase o inicio do expediente de reurbanización da rúa Raxoi, fase 2, por importe de 130.390 euros.
- 6.- Recíbese a fase 1 de urbanización do SUNP-25 de Roxos e devólvense parcialmente os avais (por importe de 100.000 euros). Retéñense avais de garantía por importe de 76.198 euros.
- 7.- Apróbase o proxecto de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño.